



COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO DE LOCAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE



SOLICITANTE: nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF Enderezo CP

Concello telefono e-mail

REPRESENTANTE: nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF Enderezo CP

Concello telefono e-mail

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA: Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica. Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Bueu, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento.

SI NON

Aviso e-mail:

DATOS DA PARCELA OU EDIFICACIÓN:

Emprazamento: Referencia Catastral: Denominación comercial:

Propietario NIF, NIE ou CIF

DESCRIPCIÓN DA OBRA:

DATOS DO ESTABLECIMENTO:

Tipo de espectáculo público/actividade recreativa/outras actividades:

Denominación comercial:

DATA INICIO OBRA: (máximo 3 meses) **DATA REMATE OBRA:** (máximo 12 meses)

O PRAZO PARA O INICIO das obras das obras non excederá dos 3 meses, e estarán rematadas como máximo no prazo de 1 ano. Estes prazos poderán prorrogarse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo.

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e en todo caso:

- que son certos todos os datos recollidos neste impreso.
- **que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade.**
- que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar.
- que achega toda a documentación preceptiva.
- que as obras solicitadas non afectan ao volume da cuberta, nin a súa estrutura (só para obras en edificacións).
- que non se afecta á estrutura do inmovible nin ás súas instalacións ou elementos comúns (só para obras en edificacións).
- que non se alterará a distribución interior das vivendas nin as condicións de habitabilidade (só para obras en edificacións).
- que non se van a executar obras suxeitas ao deber previo de obtención de licenza.
- que presenta a comunicación previa cunha antelación mínima de quince (15) días ao da data de execución ou comezo da obra.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA COMUNICACIÓN:

- Descripción técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente esixible e orzamento das mesmas.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais (Taxas e ICIO).
- A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra ou instalación.
- Fotocopia do DNI, NIF.
- No caso de ocupar viais ou bens públicos deberá aportar previamente os avais ou fianzas que se estipulen, e ter solicitado autorización previa da ocupación ou uso sobre ese ben.
- No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.
- Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.
- A seguinte documentación en relación coa actividade:**
 - Toda a documentación esixible para a apertura dun establecemento aberto ao público adicado ao desenvolvemento dunha actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, sometidas ao réxime de comunicación previa de acordo co sinalado nos artigos 23 e seguintes da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos:**
 - Declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, no seu caso, subscribida por un técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
 - Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación, co seguinte contido mínimo:
 - Memoria explicativa e descritiva (das características do local e da actividade) e xustificativa do cumprimento da normativa e de todos os requisitos técnicos e administrativos.
 - Documentación gráfica:
 - Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da parcela.
 - Planos de planta, alzado e sección, a escala non menor de 1:100, con situación das instalacións e da maquinaria.
 - Reportaxe fotográfica.
 - Autorización ou declaración ambiental que proceda.
 - No seu caso, certificación do cumprimento da normativa acústica por empresa homologada.
 - Xustificante de pagamento dos tributos municipais
 - A autorización ou declaración ambiental que proceda.
 - As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
 - Xustificante de alta no IAE.



**COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE
ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA O
DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE**



- h) No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013.
i) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

Unha vez rematada a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente, así como cando proceda o certificado acústico.

i.2) Toda a documentación esixible para a apertura dun establecemento aberto ao público adicado ao desenvolvemento dun espectáculo público ou actividade recreativa, sometidos ao réxime de declaración responsable de acordo co sinalado nos artigos 40 e seguintes da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, de acordo co disposto no Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

- a) O documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/ as ou arrendatarios/ as ou en virtude de calquera outro título xurídico.
- b) A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos.
- c) Declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, no seu caso, suscrita por un técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- d) Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación co seguinte contido mínimo:
 1. Memoria explicativa e descritiva (das características do local e da actividade) e xustificativa do cumprimento da normativa e de todos os requisitos técnicos e administrativos.
 2. Documentación gráfica:
 - Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da parcela.
 - Planos de planta, alzado e sección, a escala non menor de 1:100, con situación das instalacións e da maquinaria.
 3. Reportaxe fotográfica.
 4. Autorización ou declaración ambiental que proceda.
 5. No seu caso, certificación do cumprimento da normativa acústica por empresa homologada.
- e) O documento acreditativo asinado polo/a interesado/a de a designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos esixibles
- f) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- g) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- h) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- i) No seu caso, xustificante de alta no IAE.
- l) No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013.
- m) Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso acompañar, xunto coa documentación xa indicada, a documentación sinalada no apartado 2.c) do artigo 40 da Lei 9/2013.
- n) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

Unha vez terminada a obra, presentarase a declaración responsable para o inicio da actividade sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente, así como cando proceda o certificado acústico.

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

Información básica sobre protección de datos persoais:

Responsable	Concello de Bueu
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://bueu.sedelectronica.gal/privacy

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á instancia presentada.

Bueu, a de de 20

Sinatura de quen declara e solicita:



COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO DE LOCAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE



ACTOS SUXEITOS:

Pode vostede utilizar este impreso para comunicar que reúne os requisitos para realizar un acto de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo que non está suxeito a licenza municipal, sometidas ao réxime de comunicación previa de acordo co sinalado nos artigos 142.3 da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia, e 360 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia.

Debemos recordarlle que os seguintes actos están suxeitos a licenza municipal:

- a) Os actos de edificación e uso do chan e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polos seus singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- d) Os muros de contención de terras cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións. Para estes efectos non se considerarán grandes movementos de terras, os que teñan como finalidade o movemento superficial das terras para levar a cabo actuacións directamente vinculadas coa explotación agraria.
- f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de chan, cando non formasen parte dun proxecto de reparcelamento. Nos supostos previstos no artigo 368.6 do Decreto 143/2016 será innecesario o outorgamento de licenza.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- i) A talla de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita talla derivácese da lexislación de protección do dominio público excepto as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, A PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe TÍTULO HABILITANTE para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello. A presentación da comunicación previa co conseguinte efecto de habilitación, non prexulgará en modo algún a situación e o efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control que á administración lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes a esta comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a subsanación das deficiencias que presente a documentación, adoptando en este caso motivadamente as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, comunicándollas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con todo, cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e preséntese a comunicación previa/declaración responsable de inicio ou desenvolvemento da actividade acompañada coa documentación indicada pola normativa aplicable.

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 362 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia, e demais normativa de aplicación: *"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompaña ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos. A resolución administrativa que constata as circunstancias ás que se refire o apartado anterior, conlevará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar o deber da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano."*